

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
DATA: 04/01/2021
SAIDA: 136/21



Miguel A. Delgado González (Pladesemapesga)
prensa@pladesemapesga.com

Expediente: T.6.Q/5241/20

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2021

Estimado Sr.:

Acusamos a recepción do seu escrito que tivo entrada nesta Institución o día 29 de decembro, que deu lugar ao expediente T.6.Q/5241/20, ao que lle rogamos que faga sempre referencia en posteriores escritos que nos dirixa sobre este asunto, sendo o responsable Fernando de Andrés Alonso, ao que se poderá dirixir para coñecer a situación e a valoración do seu expediente.

Unha vez estudada a súa queixa, dámola por admitida ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei da Valedora do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 20.1.d) da Constitución.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante a Consellería de Sanidade. En concreto requirímoslle que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei da Valedora do Pobo, nos facilite información sobre os problemas que motivan a súa queixa, en particular sobre o cumprimento do resolto no expediente da Comisión da Transparencia obxecto da queixa; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes. Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que ese órgano ten que remitirnos poñerémos de novo en contacto con vostede para darlle conta da nosa actuación ao respecto.

Se vostede conta con vías de recurso e desexa facer uso delas, a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas leis para presentar o recurso correspondente fronte a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional.

Informámolo tamén de que a Valedora do Pobo non pode entrar no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e debe suspender a súa actuación no caso de que, unha vez iniciada, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Isto non impedirá, sen



embargo, a investigación sobre os problemas xerais expostos nas queixas presentadas. En calquera caso velará porque a Administración resolva expresamente, en tempo e en forma, as peticións e recursos que lle foron formulados.

Agradézolle a confianza que nos demostra e saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo